

Por unhas caixas de aforro galegas ao servizo do País

O sector financeiro e a crise que todos e todas sufrimos

O S incremento dos ERE's, os despedimentos masivos en todos os sectores, son as graves consecuencias laborais dunha crise económica provocada pola especulación das entidades financeiras. E as restricións de financiamento ás familias e ás empresas están agravando as consecuencias desa crise, milleiros de postos de traballo están en perigo debido ao comportamento acaparador de bancos e caixas.

É por iso que o debate sobre o futuro do sistema financeiro, non é un debate de expertos e banqueiros, é un debate central sobre o modelo económico e social que sairá desta crise.

EEUU e a Unión Europea, teñen aprobado multimillonarios plans de rescate con fondos públicos, estamos ante unha nacionalización temporal do sector financeiro en tanto estea inmerso en perdas, o capital quere socializar as perdas e privatizará posteriormente os beneficios.

O Estado español non é un caso illado, as distintas liñas de axudas públicas a bancos e caixas poden chegar á cifra de 2.500 euros por cada cidadán do Estado, para salvar entidades que seguirán posteriormente nas mans dos responsables da crise. Un asalto sen precedentes ás arcas do Estado.

Cando nos anos 30 o capitalismo entra en crise houbo un consenso sobre a necesidade de que determinados sectores estratéxicos para a economía estivesen en mans públicas, un consenso roto polo neoliberalismo económico.

Se naqueles países do mundo onde se mantén unha banca pública, o impacto da crise foi menor e están liderando a saída da mesma, ¿por que aquí non se debate a posta en marcha dunha banca pública e, pola contra, ponse diñeiro público para salvar entidades privadas?

As Caixas de Aforros, un ben común de todos os galegos e galegas

A S Caixas de Aforros naceron no século XIX no Reino Unido como entidades vinculadas á nacente clase obreira, para favorecer a súa inclusión financeira fronte a avaricia da gran banca, para retribuír o pequeno aforro das clases populares e para devolver os beneficios en forma de Obra Socio-Cultural.

Estas entidades cruzaron rapidamente fronteiras, administracións públicas, entidades privadas ou organizacións obreiras impulsaron a creación de Caixas de Aforros por toda Europa. Xa en Galiza, o nacionalismo galego foi consciente da importancia das Caixas; así, o

insigne galeguista Alexandre Bóveda, foi o impulsor da creación da Caixa de Aforros de Pontevedra.

Dando un salto no tempo, na década dos oitenta do século XX, en pleno proceso de descentralización administrativa do Estado, houbo un consenso social para ligar as Caixas de Aforros ás Comunidades Autónomas, para que exerceran o papel dunha banca local. Así, o Estatuto de Autonomía de Galiza recolle o control das Caixas de Aforros Galegas entre as poucas materias exclusivas da Comunidade.

Hoxe as Caixas de Aforros representan o cin-

cuenta por cen do sistema financeiro galego, grazas a confianza de xeracións de galegos e galegas; as Caixas non teñen accionistas, nin son dos seus xestores, son o maior patrimonio empresarial de toda Galiza.

Hai que destacar que mentres os beneficios da gran

banca repercuten sempre nos petos dos seus executivos e ás veces nos petos dos accionistas, os beneficios das Caixas retornan anualmente á sociedade como Obra Social. Caixa Galicia e Caixanova dedicaron 700 millóns de euros neste concepto nos últimos cinco anos.

Neoliberalismo: privatización e precarización

N OS anos oitenta Ronald Reagan e Margaret Thatcher impulsan a concentración das Caixas de Aforros a través de fusións e a súa posterior privatización en EEUU e Inglaterra, abrindo o camiño a un sector financeiro totalmente privado.

Seguindo ese camiño, dende a Unión Europea impúlsanse as políticas privatizadoras que levaron á desaparición das Caixas de Aforros en Francia, Italia, Países Baixos.

Nas últimas décadas, dende a Unión Europea e o FMI insistiuse na necesidade de concentrar as Caixas de Aforros para que sexan privatizadas, non cabe banca pública nin entidades baixo control público nun sistema neoliberal.

Nesta vía, no ano 2004 o goberno Aznar aprobou a Lei Financeira, que regulou por primeira vez as fusións entre caixas de diferentes comunidades autónomas e as cotas participativas, instrumento que cotiza en bolsa e dá un paso cara á privatización.

É certo que a crise financeira afectou gravemente ás Caixas de Aforros do Estado español debido ás políticas especulativas e a unha expansión no resto do Estado ligada ao pelotazo inmobiliario. Unhas políticas erradas ante as que temos que exixir responsabilidades.

Aproveitando esta debilidade, o pasado mes de xuño o Goberno central do PSOE puxo en marcha unha reconversión por decreto, a través do FROB (Fondo reestruturación ordenada do sistema bancario), que na súa tramitación parlamentaria recibiu o apoio do Partido Popular.

Con este decreto, preténdese concentrar as Caixas de Aforros, incluso con fusións entre distintas comunidades perdendo a súa ligazón territorial, para facilitar nun segundo paso a privatización das mesmas.

Non é de recibo que se dediquen milleiros de millóns con cargo ao erario público para socializar as perdas dos bancos e que se privaticen cando dean beneficios. O sector financeiro é estratéxico para calquera economía, por iso debemos defender a existencia dunha Banca Pública e, na súa ausencia, as únicas Entidades galegas baixo control público: as Caixas de Aforros.

É por iso que dende a CIG defendemos o carácter galego das entidades, entendido como unha aposta por un cambio de modelo de xestión que as vincule aos sectores económicos estratéxicos deste país e defendemos o seu carácter social fronte a calquera intento de privatización. Está en xogo a nosa soberanía financeira e polo tanto a nosa soberanía económica.

MANIFESTACIÓN O DÍA 4 DE DECEMBRO AS 12H NA ALAMEDA DE SANTIAGO

En defensa do emprego, da galeguidade e do carácter social das caixas



Sindicalismo
nacionalista
e de clase



Confederación Intersindical Galega
www.galizacig.com